



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN. SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

ACORDO do 13 de decembro de 2023 da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Palas de Rei. (Expediente 2022/58-ATE)

Con data 29 de xuño do 2023 a Xefatura Territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada Regulamentación L.A.M.T. PAL805 "Friol 5" entre apoios 55-11-1 e 55-11-5-CT.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta xefatura territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a esta resolución e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Palas de Rei, deducida da que se someteu a información pública no diario El Progreso do 7 marzo de 2023 e no Diario Oficial de Galicia do 21 de marzo de 2023, para que comparezan o día **2 de FEBREIRO de 2024 no concello de Palas de Rei** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Palas de Rei estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta xefatura territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 12 de decembro de 2023.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo

ANEXO

REGULAMENTACION L.A.M.T. PAL805 "FRIOL 5" ENTRE APOIOS 55-11-1 E 55-11-5-CT

Nº Predio	Nome e Apelidos	Políg.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Apoio	m2	MI aéreos	M2 aéreos
2	Mª Otilia Camoira Arias	61	252	Prado Sanfiz	Prado	55-11-3	2.0		

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE

Anuncio

ANUNCIO INICIO EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PLAN DE XESTIÓN DA RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO 2024-2034

Aprobado inicialmente polo Órgano Reitor da Reserva da Biosfera Terras do Miño, en sesión celebrada o 19 de decembro de 2023, o Plan de Xestión desta Reserva da Biosfera 2024-2034, expónse ao público desde o día seguinte da publicación deste anuncio no BOP durante o prazo de 2 meses.

Neste prazo, os interesados poderán examinar o documento na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org e na Secretaría desta Entidade Provincial, e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, de conformidade co sinalado no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

As observacións deberán ser presentadas no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo, na súa Sede electrónica (<https://sede.deputacionlugo.org/>) ou mediante calquera outro medio dos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), e dirixidas á Reserva da Biosfera Terras do Miño, debendo achegar a información suficiente referente ao remitente para que, solventado o trámite, se lle informe do resultado definitivo do proceso no que participou, e dos motivos e consideracións nos que se basea a decisión adoptada; segundo se recollen os dereitos relativos á participación pública na Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública y de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

Esta participación pública está aberta ao público e ás persoas interesadas, conforme ao establecido nos artigos 2.1, 2.2, 16.1 e 23 da Lei 27/2006.

Lugo, 20 de decembro de 2023.- O PRESIDENTE, José Tomé Roca. O SECRETARIO, P.D. A xefa do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, Leticia Rodríguez Díaz.

ANUNCIO RELATIVO AO TRÁMITE DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA NO PROCEDEMENTO PARA A APROBACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DA RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO 2024-2034

O día 19 de decembro de 2023 o Órgano Reitor da Reserva da Biosfera Terras do Miño aprobou inicialmente o Plan de Xestión da citada Reserva, de acordo co establecido no Capítulo V relativo aos Instrumentos de Planificación do Regulamento do Órgano de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño (BOP nº 76, 04/04/2011).

O Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño definirá un novo modelo de desenvolvemento sostible que compatibilice a conservación dos recursos naturais coas actividades económicas e o desenvolvemento da poboación, integrándose con outras políticas de protección da natureza, de usos do solo e doutros recursos.

No que respecta á participación pública, este é un compoñente estrutural do concepto de Reserva de Biosfera e así se recolle nos Plans de Acción da Rede Mundial (Plan de Acción de Lima) e da Rede Española de Reservas da Biosfera (Plan de Acción Ordesa-Viñamala). Os procesos de participación e de colaboración cidadá están atopando un amplo apoio entre os axentes que se refiren á implicación efectiva dos cidadáns nas tomas de decisións que afectan ao territorio e os asuntos comúns da sociedade.

O ordenamento xurídico español admite diversas modalidades de participación e, nese sentido, os obxectivos de UNESCO deben alcanzarse combinando fórmulas de participación orgánica (mediante representantes que se integran na Administración) e de participación funcional (mediante procedementos que se abren a persoas non necesariamente integradas na Administración).

O Órgano Reitor da Reserva da Biosfera Terras do Miño aprobou tamén o trámite de participación pública do citado plan de xestión, que seguirá o seguinte procedemento:

1. Exposición pública:

Publicación no BOP do anuncio de apertura da exposición pública do Plan de Xestión 2024-2034 da RB Terras do Miño. Durante o prazo de 2 meses, os interesados poderán examinar o documento na páxina web da Deputación de Lugo e na Secretaría da entidade, e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, de conformidade co sinalado no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

As observacións deberán ser presentadas no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo, na súa Sede electrónica (<https://sede.deputacionlugo.org/>) ou mediante calquera outro medio dos establecidos no artigo 16.4 da Lei

39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), e dirixidas á Reserva da Biosfera Terras do Miño, debendo achegar a información suficiente referente ao remitente para que, solventado o trámite, se lle informe do resultado definitivo do proceso no que participou, e dos motivos e consideracións nos que se basea a decisión adoptada; segundo se recollen os dereitos relativos á participación pública na Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública y de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

Esta participación pública está aberta ao público e ás persoas interesadas, conforme ao establecido nos artigos 2.1, 2.2, 16.1 e 23 da Lei 27/2006.

2. Consulta técnica a través de varias mesas sectoriais.

Co obxectivo de potenciar o intercambio directo de opinións, o aporte de ideas e a posta en común e consenso respecto ás liñas xerais do Plan de Xestión, durante o primeiro trimestre do ano 2024 convocaranse mesas sectoriais, centradas na conservación do medio ambiente e no desenvolvemento socioeconómico da Reserva, ás que poderán asistir os membros do Órgano de Participación, así como outras entidades territoriais representativas, previa invitación.

3. Estudio e contestación das alegacións e suxestións presentadas

As alegacións e observacións formuladas ao documento de aprobación inicial, serán estudadas e informadas durante o segundo trimestre do ano 2024.

4. Informe do Órgano de Participación

Unha vez redactado o Plan de Xestión no que se incorporen os resultados da exposición pública e das mesas sectoriais realizadas, presentarase o Plan de Xestión ao Órgano de Participación no segundo trimestre do ano 2024, o cal segundo o artigo 27.3 do Regulamento, deberá emitir un informe non vinculante ao respecto.

5. Aprobación definitiva polo Órgano Reitor

De conformidade co artigo 27.3 do Regulamento, a aprobación do Plan de Xestión será realizada polo Órgano Reitor, en reunión que se convocará antes de que finalice o segundo trimestre do ano 2024.

Lugo, 20 de decembro de 2023.- O PRESIDENTE, José Tomé Roca. O SECRETARIO, P.D. A xefa do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, Leticia Rodríguez Díaz.

R. 3985

Anuncio

ANUNCIO INICIO EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PLAN DE XESTIÓN DA RESERVA DA BIOSFERA OS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ 2024-2034

Aprobado inicialmente polo Órgano Reitor da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Os Ancares Lucenses), en sesión celebrada o 18 de decembro de 2023, o Plan de Xestión desta Reserva da Biosfera 2024-2034, expónse ao público desde o día seguinte da publicación deste anuncio no BOP durante o prazo de 2 meses.

Neste prazo, os interesados poderán examinar o documento na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.gal e na Secretaría desta Entidade Provincial, e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, de conformidade co sinalado no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

As observacións deberán ser presentadas no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo, na súa Sede electrónica (<https://sede.deputacionlugo.org/>) ou mediante calquera outro medio dos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), e dirixidas á Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses, debendo achegar a información suficiente referente ao remitente para que, solventado o trámite, se lle informe do resultado definitivo do proceso no que participou, e dos motivos e consideracións nos que se basea a decisión adoptada; segundo se recollen os dereitos relativos á participación pública na Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública y de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

Esta participación pública está aberta ao público e ás persoas interesadas, conforme ao establecido nos artigos 2.1, 2.2, 16.1 e 23 da Lei 27/2006.

Lugo, 20 de decembro de 2023.- O PRESIDENTE, José Tomé Roca. O SECRETARIO, P.D. A xefa do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, Leticia Rodríguez Díaz.

ANUNCIO RELATIVO AO TRÁMITE DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA NO PROCEDEMENTO PARA A APROBACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DA RESERVA DA BIOSFERA OS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ 2024-2034

O día 18 de decembro de 2023 o Órgano Reitor da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Os Ancares Lucenses), aprobou inicialmente o Plan de Xestión da citada Reserva, de acordo co establecido no Capítulo V relativo aos Instrumentos de Planificación do Regulamento do Órgano de Xestión da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses (BOP nº 76, 04/04/2011).

O Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses definirá un novo modelo de desenvolvemento sostible que compatibilice a conservación dos recursos naturais coas actividades económicas e o desenvolvemento da poboación, integrándose con outras políticas de protección da natureza, de usos do solo e doutros recursos.

No que respecta á participación pública, este é un compoñente estrutural do concepto de Reserva de Biosfera e así se recolle nos Plans de Acción da Rede Mundial (Plan de Acción de Lima) e da Rede Española de Reservas da Biosfera (Plan de Acción Ordesa-Viñamala). Os procesos de participación e de colaboración cidadá están atopando un amplo apoio entre os axentes que se refiren á implicación efectiva dos cidadáns nas tomas de decisións que afectan ao territorio e os asuntos comúns da sociedade.

O ordenamento xurídico español admite diversas modalidades de participación e, nese sentido, os obxectivos de UNESCO deben alcanzarse combinando fórmulas de participación orgánica (mediante representantes que se integran na Administración) e de participación funcional (mediante procedementos que se abren a persoas non necesariamente integradas na Administración).

O Órgano Reitor da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses aprobou tamén o trámite de participación pública do citado plan de xestión, que seguirá o seguinte procedemento:

1. Exposición pública:

Publicación no BOP do anuncio de apertura da exposición pública do Plan de Xestión 2024-2034 da RB Os Ancares Lucenses. Durante o prazo de 2 meses, os interesados poderán examinar o documento na páxina web da Deputación de Lugo e na Secretaría da entidade, e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, de conformidade co sinalado no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

As observacións deberán ser presentadas no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo, na súa Sede electrónica (<https://sede.deputacionlugo.org/>) ou mediante calquera outro medio dos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), e dirixidas á Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses, debendo achegar a información suficiente referente ao remitente para que, solventado o trámite, se lle informe do resultado definitivo do proceso no que participou, e dos motivos e consideracións nos que se basea a decisión adoptada; segundo se recollen os dereitos relativos á participación pública na Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública y de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

Esta participación pública está aberta ao público e ás persoas interesadas, conforme ao establecido nos artigos 2.1, 2.2, 16.1 e 23 da Lei 27/2006.

2. Consulta técnica a través de varias mesas sectoriais.

Co obxectivo de potenciar o intercambio directo de opinións, o aporte de ideas e a posta en común e consenso respecto ás liñas xerais do Plan de Xestión, durante o primeiro trimestre do ano 2024 convocaranse mesas sectoriais, centradas na conservación do medio ambiente e no desenvolvemento socioeconómico da Reserva, ás que poderán asistir os membros do Órgano de Participación, así como outras entidades territoriais representativas, previa invitación.

3. Estudio e contestación das alegacións e suxestións presentadas

As alegacións e observacións formuladas ao documento de aprobación inicial, serán estudadas e informadas durante o segundo trimestre do ano 2024.

4. Informe do Órgano de Participación

Unha vez redactado o Plan de Xestión no que se incorporen os resultados da exposición pública e das mesas sectoriais realizadas, presentarase o Plan de Xestión ao Órgano de Participación no segundo trimestre do ano 2024, o cal segundo o artigo 27.3 do Regulamento, deberá emitir un informe non vinculante ao respecto.

5. Aprobación definitiva polo Órgano Reitor

De conformidade co artigo 27.3 do Regulamento, a aprobación do Plan de Xestión será realizada polo Órgano Reitor, en reunión que se convocará antes de que finalice o segundo trimestre do ano 2024.

Lugo, 20 de decembro de 2023.- O PRESIDENTE, José Tomé Roca. O SECRETARIO, P.D. A xefa do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, Leticia Rodríguez Díaz.

R. 3986

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Información pública

Aprobándose por resolución da alcaldía de data trece de decembro de dous mil vinte tres os padróns que a continuación se relacionan, e expóñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

- Taxa por abastecemento de auga e ive sobre o seu consumo, correspondente ó segundo trimestre do ano dous mil vinte tres.
- Taxa por recollida de lixo correspondente ó segundo trimestre do ano dous mil vinte tres.
- Taxa pola rede de sumidoiro correspondente ó segundo trimestre do ano dous mil vinte tres.
- Taxa canón de auga da Xunta de Galicia correspondente ó segundo trimestre do ano dous mil vinte tres.
- Taxa de autoconsumos de auga correspondente ó segundo trimestre do ano dous mil vinte tres.

Recurso: Contra o acordo da aprobación do padrón poderá interpoñerse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día inmediato seguinte ó do término do período de exposición ó público do padrón.

Órgano ante o que se recorre: Sr. Alcalde-presidente do Concello de Begonte.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, a través de Servicio Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canón da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canón da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Begonte, 13 de decembro de 2023.- O ALCALDE, José Ulla Rocha.

R. 3965

BURELA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía núm. 2023-1230 de 12/12/2023 resolveuse nomear como policías locais funcionarios de carreira deste Concello (escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase: policía local, grupo C1, prazas vinculadas á oferta de emprego público do ano 2022), a Roi Manoel García Fuentes, DNI ***0965** e Javier Castillo Bellagona, DNI ***3668**, ao superar o proceso selectivo unitario para o ingreso nos corpos de policía local, escala básica, convocado pola Orde do 26 de xullo de 2022 (DOG núm. 153 de 11/08/2022) e o

curso selectivo para o acceso a categoría de policía, dos corpos de policía local de Galicia, convocado mediante resolución do 25 de xaneiro de 2023 .

A alcaldesa, 15 de decembro de 2023.- María del Carmen López Moreno.

R. 3966

Anuncio

EXPEDIENTES 2405/2023 E 2406/2023. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. OUTUBRO 2023.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 14 de novembro de 2023 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de outubro de 2023 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 10.298,19 €, correspondendo 1.167,00 € a libre concorrencia e 9.131,19 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 12 de decembro de 2023.- A Alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 3967

Anuncio

Mediante o presente anuncio faise público o Decreto de Alcaldía núm. 2023-1231, ditado con data 12 de decembro de 2023, cuxo tenor literal é o seguinte:

“Vista a instancia presentada pola «Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería e Turismo de Lugo (APEHL)», con CIF G27021005, o 02/02/2023, e rexistro de entrada núm. 2023-E-RC-388, pola que se solicita a ampliación horaria xeral de peche dos establecementos abertos ao público de ocio, hostelería e restauración, asociados a dita entidade, en dúas (2) horas, en relación a festividade de Nadal para todas as noites desde o 22 ao 23 de decembro de 2023 ata a noite do 6 ao 7 de xaneiro de 2024.

Visto canto antecede, de conformidade co disposto nos artigos 5, letra f), e 17.2 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e 8.2 da Orde do 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, en relación co establecido nos artigos 21.1, letra s), da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 61.1, letra s), da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia,

RESOLVO

PRIMEIRO. Establecer, consonte o disposto no artigo 9.2 da Orde do 23 de outubro de 2020, o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliarse os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, incluídos no catálogo contido no Anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, nos seguintes termos:

a) FESTAS DE NADAL:

- * A noite que vai do 22 ao 23 de decembro de 2023.
- * A noite que vai do 24 ao 25 de decembro de 2023. (Noite Boa).
- * A noite que vai do 25 ao 26 de decembro de 2023. (Nadal).
- * A noite que vai do 29 ao 30 de decembro de 2023.
- * A noite que vai do 1 de xaneiro ao 2 de xaneiro de 2024 (Ano Novo).
- * A noite que vai do 5 ao 6 de xaneiro de 2024 (Noite de Reis)

b) FESTAS DE NADAL

- * A noite que vai do 23 ao 24 de decembro de 2023. (véspera de Noite Boa).
- * A noite que vai do 30 ao 31 decembro de 2023 (véspera de Ano Vello).
- * A noite que vai do 31 de decembro de 2023 ao 1 de xaneiro de 2024 (Ano Vello).

SEGUNDO. Autorizar nas datas sinaladas no apartado a) do dispositivo primeiro desta resolución (Nadal), a ampliación nunha (1) hora dos horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, incluídos no catálogo contido no Anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro.

TERCEIRO. Autorizar nas datas sinaladas no apartado b) do dispositivo primeiro desta resolución (Nadal), a ampliación en dúas (2) horas dos horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, incluídos no catálogo contido no Anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro.

CUARTO. Informar ás persoas interesadas que esta autorización de ampliación horaria outórgase sen prexuízo do disposto no artigo 7 da Orde do 23 de outubro de 2020, que establece que o horario de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas ampliarase con carácter xeral media hora (30 minutos) as noites que van do venres ao sábado, do sábado ao domingo e do domingo ao luns, así como as noites das vésperas dos días festivos e as propias noites dos días festivos.

QUINTO. Informar ás persoas interesadas que esta autorización non implica, en ningún caso, a autorización ás persoas titulares dos establecementos sitos no termo municipal do Concello de Burela nos que se desenvolve, ao amparo do preceptivo título habilitante, algunha das actividades recreativas e espectáculos públicos do Catálogo de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 124/2019, do 5 de setembro, para realizar calquera outra actividade recreativa ou espectáculo público extraordinario, tanto no interior, como no exterior do establecemento, sexa en dominio público ou privado, sen suxeitarse ao disposto na dita norma regulamentaria e na vixente Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, na redacción dada pola Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e na normativa reguladora do dominio público local.

SEXTO. Informar ás persoas interesadas que o outorgamento da presente autorización, non pode dar lugar ao incumprimento dos límites de emisión e inmisión de ruídos establecidos na vixente normativa de protección fronte á contaminación acústica, para as ditas actividades, e que o eventual incumprimento destes podería determinar, no seu caso e sen prexuízo doutras responsabilidades civís ou penais, a incoación dun expediente sancionador como consecuencia da comisión dalgunha das infraccións tipificadas tanto na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, como na Ordenanza municipal de protección ambiental en materia de ruídos e vibracións.

SÉTIMO. Comunicar a presente resolución á Subdelegación do Goberno en Lugo, á xefatura territorial de Lugo, da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e ao Posto da Garda Civil de Burela, aos efectos oportunos.

OITAVO. Publicar, de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presente resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Burela, e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e notificala ás persoas interesadas de acordo co establecido nos artigos 40 e seguintes de dita normal legal.

Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do Real Decreto
128/2018
O Secretario

A ALCALDESA
Asdo.: María del Carmen López Moreno

Asdo.: José Miguel Ramos Cuba

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpor alternativamente recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Alcaldía do Concello de Burela, no prazo dun mes a contar desde o día

seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso- Administrativa.

Se se optase por formular recurso potestativo de reposición non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que puidese estimarse máis conveniente.

Burela, 13 de decembro de 2023.- A Alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 3968

CASTRO DE REI

Anuncio

nomeamento de funcionaria interina de auxiliar administrativo

Mediante Resolución da Alcaldía nº 589/2023, do 9 de novembro, resolveuse nomear, consonte á proposta do tribunal de selección, como funcionaria interina do Concello de Castro de Rei, para ocupar a praza de auxiliar administrativo, pertencente ao grupo C, a Ana Cristina Pérez Pita, con DNI: ***7216**

Castro de Rei, 12 de decembro de 2023.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 3969

CASTROVERDE

Anuncio

Que o día 18/12/2023 ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público da recollida de plásticos correspondente ao ano 2023, e exponse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 18 de decembro de 2023.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 3970

MEIRA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO ANO 2024

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria de Pleno deste Concello, de data 21 de decembro de 2023, o orzamento xeral, bases de execución, e o cadro de persoal funcionario, laboral e eventual para o exercicio económico 2024, conforme o previsto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o artigo 20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación integrante do mesmo por prazo de quince (15) días desde a publicación deste anuncio, para os que teñan a condición de interesados poidan presentar reclamacións ou alegacións.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

De conformidade co disposto na Lei das facendas locais, o orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non presentan reclamacións.

Meira, 21 de decembro de 2023.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 3987

A PONTENOVA

*Anuncio***LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE NOVEMBRO 2023.**

Por Resolución de alcaldía do 15 de decembro de 2023, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 12 de xaneiro de 2024 ao 12 de marzo 2024**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 12 de xaneiro de 2024 ao 12 de marzo de 2024**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcurrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a 15 de decembro de dous mil vinte e tres.

A Pontenova, 15 de decembro de 2023.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3971

RÁBADE

Anuncio

Por resolución da Alcaldesa do Concello de Rábade de data **7 de decembro** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de novembro de 2023**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 10 de decembro de 2023.- A Alcaldesa, María Remedios González Cabarcos.

R. 3972

RIBADEO

Anuncio

Resolución de Alcaldía núm. 2023-1293 do Concello de Ribadeo pola que, concluído o procedemento selectivo, se nomea persoal para cubrir un posto de axente da Policía Local.

Por Resolución de Alcaldía núm. 2023-1293 de data 12 de decembro de 2023, una vez concluído o proceso de selección, efectuouse o nomeamento de:

Identidade	DNI
Alberto PRIETO PARDO	***6786***

Características da praza:

Servizo/Dependencia	Policía Local
Ide. Posto	0202/RPT
Denominación do posto	Axente Policía Local
Natureza	Funcionario de carreira
Nomeamento	12/12/2023
Escala	Administración Especial
Subescala	Servizos Especiais
Clase/Especialidade	Axente Policía Local
Grupo/Subgrupo	C/C1

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, e artigo 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Ribadeo, 13 de decembro de 2023.- O ALCALDE, DANIEL VEGA PÉREZ.

R. 3973

VILALBA

Anuncio

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automáticaemnte elevado a definitivo o acordo do Pleno deste Concello en sesión extraordinaria celebrada o día 14 de novembro do 2023, polo que se aproba unha transferencia de crédito entre partidas de diferente área de gasto co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación Orzamentaria		Descrición	Euros
132	626	Seguridade e orde público. Equipos para procesos de información	23.750,61€
171	22199	Parques e xardíns. Outros subministros	18.148,79
153	625	Vías públicas. Mobiliario	18.148,79
153	619	Vías públicas. Outros investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	24.951,81
TOTAL GASTOS			85.000

Baixas en aplicacións de gastos

Aplicación Orzamentaria		Descrición	Euros
932	°	Política económica e fiscal. Servizo de recadación	85.000
TOTAL GASTOS			85.000

Vilalba, 18 de decembro de 2023. A Alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 3977

XOVE*Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o Proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2.024, en sesión ordinaria celebrada o 18 de decembro de 2023, e documentación que se acompaña, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expone ao público na Intervención deste Concello, por prazo de quince días hábiles- que empezará a contarse desde o seguinte ó da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a fin de que durante o mesmo podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

Xove, 18 de decembro de 2023.- O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3974

Anuncio

Polo Pleno Municipal en sesión celebrada o día 18 de decembro dos presentes, acordouse a aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras.

O citado expediente atópase de manifesto ao público na Secretaría do Concello, podendo formularse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de trinte días a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e entendéndose elevado a definitivo o precitado acordo no caso de non formularse reclamacións ou alegacións contra o mesmo durante o prazo referido, sen necesidade de novo acordo plenario, e debendo ser publicado o acordo definitivo e o texto íntegro, para a súa entrada en vigor, no B.O.P.

Xove, 19 de decembro de 2023.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3975

*Anuncio***Edicto de exposición pública da modificación da relación de postos de traballo do excmo. Concello de Xove.**

O Pleno do Concello de Xove, en sesión ordinaria celebrada o día 18 de decembro de 2023, aprobou inicialmente a modificación da relación de postos de traballo do Concello de Xove, nos termos en que consta redactada no expediente administrativo de referencia.

Por medio do presente edicto ábrese un período de información pública polo prazo de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado o expediente completo nas dependencias municipais e aos efectos de que polos interesados se poidan presentar as reclamacións, suxestións ou alegacións que estimen oportunas, de conformidade co disposto no artigo 202.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra da relación do postos de traballo no Boletín Oficial da Provincia. No caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

Xove, 19 de decembro de 2023.- O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3976
